

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MONFERO

Aprobación lista definitiva de candidatos para praza peón, estabilización e nomeamento tribunal

ANUNCIO

Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Peón, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal de 2021 do Concello de Monfero e nomeamento de Tribunal

Por Resolución desta Alcaldía nº 107/2023 de data 7 de marzo de 2023 aprobouse a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a provisión en propiedade por persoal laboral fixo dunha praza de PEÓN.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 7 de marzo de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEF. CANDIDATOS PRAZA PEÓN ESTABILIZACIÓN E NOMEAMENTO TRIBUNAL

EXPEDIENTE: 2023/G003/000110

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada en data 14 de decembro de 2022, aprobou as Bases Xerais para a regulación dos procesos selectivos convocados polo Concello de Monfero para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas nas ofertas de emprego público de 2021 e 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Peón, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal de 2021 do Concello de Monfero, e foron publicadas no BOP núm. 239, do 20 de decembro de 2022, así como no DOG nº 245, do 27/12/2022, e no BOE nº 313, do 30/12/2022.

Logo de ver a Resolución desta Alcaldía nº 030/2023, de data 27 de xaneiro de 2023, pola que se aprobou a Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección e provisión en propiedade por persoal laboral fixo dunha praza de Peón.

Unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións, alegacións, emendas de deficiencias ou erros para tomar parte no citado proceso de selección, sen que se presentase ningunha, e logo de ver os informes e resto de documentación que constan no expediente, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

A) ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME DO SOLICITANTE
1.	LOPEZ CAEIRO, JOSE IGNACIO
2.	VIÑAS MAYO, RUBÉN
3.	GARCIA GARCIA, JOSÉ LUIS

B) EXCLUÍDOS/AS: Ningún/ha

SEGUNDO.- A inclusión na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas

TERCEIRO.- Designar como membros do Tribunal segundo as bases da convocatoria ás seguintes persoas:

Presidente: D. Jorge E. Rodríguez Fernández. Funcionario Administración Local habilitación de carácter nacional
Suplente: D. José Carmelo Sánchez Presedo. Funcionario Administración Local habilitación de carácter nacional

Vogal 1: D.ª Rosa Novoa Paseiro. Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional.

Suplente: D.ª Ana Ramos Ramos. Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional.

Vogal 2: D.ª Ana Ocampo Pérez Gorostiaga. Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional

Suplente: D.ª Yolanda Ares Bao. Funcionaria Administración Local habilitación de carácter nacional

Vogal 3: D.ª María Sanmartín Varela. Funcionaria do Concello de Monfero

Suplente: D. José Vázquez Santé. Funcionario do Concello de Aranga

Secretario: D. Baldomero Beceiro Alonso. Funcionario de Administración Local habilitación de carácter nacional

Suplente: D. Eladio Bendaña Pardo. Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal ás 11:00 horas do día 22 de marzo de 2023, mércores, na Casa Consistorial, para a valoración dos méritos dos/as candidatos/as

Unha vez realizada a valoración, publicaranse os resultados no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monfero, e concederáse un prazo de dez días hábiles para a presentación de alegacións.

QUINTO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>) da súa páxina web (concellodemonfero.com), e no B. O. da Provincia da Coruña.

SEXTO.- Notificar esta resolución aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello

Monfero, 7 de marzo de 2023

O Alcalde,

Andrés Feal Varela

2023/1622